

**M<sup>a</sup> DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA  
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 02/03/2018 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:**

“ .....

**6.5. Convenio de cooperación cultural entre o Concello de Toén e a Agrupación Cultural Breogán (Exp. 86/2018)**

O alcalde dálles conta aos membros da Xunta de Goberno Local do borrador de convenio de cooperación cultural entre o Concello de Toén e a Agrupación Cultural Breogán de San Pedro de Moreiras, que ten por obxecto regular as bases de colaboración entre ámbalas dúas entidades para a programación de actuacións musicais nas parroquias que compoñen o termo municipal de Toén durante o ano 2018.

A Agrupación Cultural Breogán está inscrita no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Toén en virtude do decreto da Alcaldía de data 25/04/2005. Segundo o artigo 2 dos seus estatutos, os fins da agrupación serán culturais sen interese lucrativo algún, e de acordo co establecido no artigo 3, para o cumprimento dos fins do artigo anterior a Agrupación organizará actividades culturais no campo da música, teatro, pintura, cine, conferencias, etc.

No orzamento do concello para o exercicio 2018 está prevista unha subvención nominativa baixo a modalidade de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións; e 5.b.1 da Ordenanza reguladora da concesión de subvencións do Concello de Toén, polo importe máximo de 2.400,00 €, con destino ao convenio de actuacións.

Visto o borrador do convenio e de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005; a Xunta de Goberno local co voto favorable de todos os seus membros presentes na sesión, ACORDA:

*PRIMEIRO.- Aprobar o borrador do convenio de cooperación cultural entre o Concello de Toén e a Agrupación Cultural Breogán que se reproduce como anexo ó presente acordo.*

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto recollido no dito convenio por importe de 2.400,00 €, en concepto de subvención nominativa á AGRUPACIÓN CULTURAL BREOGÁN, con CIF G32137267, representada polo seu presidente Pedro Vidal Sabucedo, con DNI 34436832J, baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste concello. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados do obxecto do convenio de cooperación. A subvención satisfarase con cargo á aplicación 330.48 do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2018.*

*TERCEIRO.- Facultar ao alcalde para a sinatura do correspondente convenio co representante da*

Agrupación Cultural Breogán.

**ANEXO**  
**CONVENIO DE COOPERACION CULTURAL ENTRE O CONCELLO DE TOÉN E A AGRUPACIÓN  
CULTURAL BREOGÁN (EXP. 86/2018)**

Toén, ..... de..... de 2018

**REÚNENSE:**

Dunha parte, Amancio A. Cid Pérez, con DNI 34590555G, alcalde do Concello de Toén actuando en nome e representación do Concello, en virtude do seu cargo.

Doutra, Pedro Vidal Sabucedo, con DNI 34436832J, na súa condición de presidente da Agrupación Cultural Breogán, con CIF G32137267, inscrita no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Toén en virtude do decreto da Alcaldía de data 25/04/2005.

Ámbalas dúas partes, no nome e representación que exercen e con plena capacidade para levar adiante o presente convenio.

**MANIFESTAN:**

Que o Concello de Toén ten intención de desenvolver e divulgar a promoción da cultura tradicional para achegar o máis posible o noso patrimonio cultural á sociedade deste Concello, polo que promoverá a realización de manifestacións artísticas mediante a actuación da Agrupación Cultural Breogán con domicilio social en San Pedro de Moreiras.

Por isto para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes é polo que se procede a asinar o presente acordo de compromiso das partes nos seguintes termos e segundo as seguintes

**ESTIPULACIÓNS:**

**PRIMEIRA.-** O obxecto deste convenio é regular as bases de colaboración entre o concello e a mencionada agrupación para a programación das actuacións musicais da Agrupación Cultural Breogán en cada unha das parroquias do termo municipal (Moreiras, Trelle, Xestosa, Alongos, Puga, Mugares, Toén e Feá), dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2018.

**SEGUNDA.-** A Agrupación comprométese a realizar **UNHA actuación** musical en cada unha das parroquias indicadas, nos lugares e datas que lle indique o Concello no seu momento. Se nunha das parroquias non fose posible realizar a actuación, poderase repetir noutra.

**TERCEIRA.-** O Concello comprométese a aboar a cantidade de **300,00 €**, por cada unha das actuacións que se executen, cun límite máximo de **2.400,00 €**. De conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Toén na sesión de data ....., a cantidade indicada librarase con cargo á aplicación 330.48 do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2018, tendo a consideración de subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste concello.

A cantidade indicada enténdense, nos casos que proceda, co IVE, ou calquera tipo de gasto incluído.

**CUARTA.-** Non existe ningún outro vínculo entre o Concello e a asociación máis que o compromiso de pagamento en función do grao de cumprimento do presente convenio.

**QUINTA.-** Será posible a realización de pagamentos parciais a conta por cada unha das actuacións para o que será necesario un informe do alcalde ou concelleiro delegado no que conste que efectivamente se celebrou a actuación.

De acordo co establecido nos artigos 75 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén, a entidade beneficiaria deberá presentar nas oficinas municipais antes do día 24/12/2018 a conta xustificativa, que conterá a seguinte documentación:

- ✓ Declaración subscrita polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtivesen para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.
- ✓ Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento da actividade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.
- ✓ Declaración formal de atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social.

**SEXTA.-** No caso de suspensión de actuacións determinarase de común acordo entre as partes outras datas.

**SÉTIMA.-** Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como



**CONCELLO DE  
TOÉN**

*consecuencia del.*

**OITAVA.-** *O incumprimento de calquera cláusula do convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión.*

*O que se estende en duplicado exemplar no lugar e data enriba indicados.*

*O alcalde*

*O presidente da agrupación*

.....”

**E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde.**

*Documento asinado electronicamente na marxe*